

Código do documento	Código do expediente
USG18I044N	USG/2024/136
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3V47 3O4J 6R13 3O28 1DEG	

DQR

TABOLEIRO DE EDICTOS E SEDE ELECTRÓNICA

Procédese á publicación do literal do Decreto número 1134, de data 19/06/2024, no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno municipal de data 25/06/2024.

«RESOLUCIÓN

CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO MES DE XUÑO DE 2024

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e artigo 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e artigos. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta o artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no salón de sesións da Casa consistorial o próximo **martes día 25/06/2024 ás 20:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria, e segundo o disposto no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

SEGUNDO.- Fixar para a devandita sesión a seguinte

ORDE DO DIA

1. Aprobación da actas de sesións anteriores
2. Aprobación inicial do Regulamento do Sistema de Información Interno (expte. USG/2024/73).
3. Moción do Grupo municipal Partido Popular en relación coa posta en valor da ruta ornitolóxica da Ría do Burgo e Río Mero (rexistro de Entrada número 6936, de data 17/06/2024)
4. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo en relación a instar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que o tren pare no apeadoiro de Boedo (rexistro de Entrada número 7062, de data 19/06/2024)
5. Control e seguimento dos órganos de goberno.
 - 5.1.- Dación de conta das resolucións da Alcaldía-Presidencia e concellerías delegadas.
 - 5.2.- Dación de conta das seguintes resolucións ditadas no expediente UCP/2024/40, relativo á declaración de emerxencia sanitaria en relación coa falta de limpeza e hixiene nos espazos e viais públicas e nos centros dependentes do Concello de

1 de 2

Código do documento	Código do expediente
USG18I044N	USG/2024/136
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3V47 3O4J 6R13 3O28 1DEG	

Culleredo, especialmente colexios e aqueles outros nos que se desenvolvan actividades con participación cidadá:

- Resolución número 1042, de data 31/05/2024: Declaración de emerxencia sanitaria en relación coa falta de limpeza e hixiene nos espazos e viais públicos e nos centros dependentes do Concello de Culleredo, especialmente colexios e aqueles outros nos que se desenvolvan actividades con participación cidadá.
- Resolución número 1082, de data 11/06/2024: Adxudicación da execución do servizo de limpeza nos centros dependentes do Concello de Culleredo logo da declaración de emerxencia sanitaria en relación coa falta de limpeza e hixiene nos edificios e dependencias municipais.
- Resolución número 1129, de data 18/06/2024: Adxudicación da execución do servizo de limpeza viaria no Concello de Culleredo logo da declaración de emerxencia sanitaria en relación coa falta de limpeza e hixiene nos espazos e viais municipais.

C.I.F. P-1503100-H

6. Asuntos de urxencia

7. Rogos e preguntas

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben asistir ao Pleno, así como ao secretario municipal e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do Concello e no portal de transparencia do Concello. (www.culleredo.es)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.»

Culleredo, á data da sinatura dixital,

O Alcalde
(Asinado dixitalmente)